



## DECRETO

### **ASUNTO: APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE PERSONAL EXPERTO DOCENTE PARA A IMPARTICIÓN DOS CURSOS DE FORMACIÓN DE COMPETENCIA MATEMÁTICA N2, COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ N2, COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA N2, DOCENTE PARA IMPARTIR OS MÓDULOS TRANSVERSAIS E 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO.**

Visto o expediente que se tramita para a contratación de personal docente para a impartición dos cursos de formación de competencia matemática N2, comunicación en lingua castelá N2, comunicación en lingua galega N2, docente para os módulos transversais e 1 auxiliar administrativo/a, personal laboral temporal a tempo parcial.

Considerando:

- 1.- A Circular de 30 de Xaneiro de 2012 da Dirección Xeral de Administración local e o Informe do 13 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral da Función Pública, dependente do Ministerio de Facenda; sendo necesaria a contratación de ditas prazas para cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, segundo consta na providencia de alcaldía de data 30 de decembro de 2019.
- 2.- Redactadas as correspondentes bases que rexerán a convocatoria das prazas de referencia.
- 3.- A existencia de crédito orzamentario nas correspondentes partidas.
- 4.- O informe do letrado, don Carlos Barcia Casanova de data 3 de xaneiro de 2020.
- 5.- O informe do interventor Carlos A. Vega García de data 8 de xaneiro de 2020.
- 6.- O expediente atópase totalmente concluído, pendente da súa resolución.

Á vista do anterior e visto o artigo 21.1.g) e 102.1) da LBRL, e demais competencias que me confire a lexislación vixente.

## **RESOLVO,**

**Primeiro.-** Aprobar o inicio de expediente de contratación de personal laboral temporal a tempo parcial de personal docente para a impartición dos cursos de formación de: Competencia matemática N2, Comunicación en Lingua Castelá N2, Comunicación en Lingua Galega N2, módulos transversais dos cursos AFD para o ano 2020 e 1 auxiliar administrativo/a de apoio a ditos cursos.

**Segundo.-** Aprobar as bases, segundo anexo que se cita, que rexerán nesta convocatoria para a provisión de ditas prazas polo sistema de concurso-oposición.

**Terceiro.-** Convocar probas selectivas para cubrir ditas prazas, e dar cumprimento ao establecido nos artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expóñase a oferta nun dos diarios de maior difusión, na páxina web, no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e mediante bando municipal, todo elo de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así coma de publicidade, acompañado das bases que abaixo se sinalan características de ditas prazas.

## ANEXOS

### **"BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE PERSOAL EXPERTO DOCENTE (FORMADOR) PARA A IMPARTICIÓN DA ESPECIALIDADE COMPETENCIA MATEMÁTICA N2 (FCOV23).**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

*Estas bases teñen por obxecto regular as condicións para a selección de persoal experto docente para a impartición do curso de formación "Competencia matemática" (FCOV23) que se realizará en Santa Comba en colaboración coa Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, dentro da programación anual de Formación e de acordo coa seguinte normativa:*

- *Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.*
- *Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As funcións a realizar será impartir o seguinte plan formativo coa finalidade de acadar un obxectivo xeral nos alumnos de identificar os elementos matemáticos presentes na realidade e aplicar o razonamento matemático na solución de problemas relacionados coa vida cotidiana, utilizando os números e as súas operacións básicas, as medidas, as xeometrías, álgebra e a análise de datos.

## 2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Contrato laboral de duración determinada por obra ou servizo determinado a tempo parcial e a duración do contrato determinarase en función da execución das horas totais do curso, sen ter en conta a impartición dos módulos transversais de formación para a igualdade e Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero que se seleccionarán aparte de se-lo caso. O salario bruto de todas as retribucións deste curso para todo o personal docente é de 3.430,68 euros.

## 3.- PUBLICIDADE

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica, na páxina web municipal, mediante edicto e nun dos diarios de maior difusión.

## 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de jubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial,

para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

e.- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f.- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes. Deberá aportar declaración xurada na que se declare que está APTO para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo.

### Requisitos mínimos

Os requisitos mínimos que deben reunir os formadores é o seguinte:

Título oficial de Grado, Licenciatura ou diplomatura no ámbito matemático.

Para acreditar a competencia docente, o formador deberá acreditar unha experiencia profesional como docente de alomenos 600 horas, nos últimos 10 anos, ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.

Estarán exentos de acreditar a competencia docente, quenes posúan algún dos requisitos contemplados no artigo 13.1 apartados a) e b) do RD 34/2008 de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, é dicir, estarán exentos:

a) Quen esté en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en pedagogía, psicopedagogía ou de maestro en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da psicología ou da pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrado nos citados ámbitos.

b) Quenes posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopan en posesión do certificado de aptitude pedagóxica ou dos títulos profesionais de especialización didáctica ou o certificado de cualificación pedagóxica. Así mesmo estarán exentos quenes acrediten a posesión do máster universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obligatoria e bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e quenes acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poidan realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real decreto 1834/2008, de 8 de novembro polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obligatoria, no bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réximen especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

## 5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8 a 15 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Concello 981 880716. De se-lo caso non se remitira copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias, non se admitirá a documentación para participar na fase de concurso.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia compulsada dos requisitos mínimos.
- Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orxinais ou fotocopias compulsadas, xa que non se tomarán en consideración nin se avaliarán, aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo conferido para a presentación de instancias.
- Declaración xurada na que se declare que está APTO para a realización das funcións propias do posto de traballo.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indícase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas casusas da exclusión e concederá un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos.

Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora na que se celebrará a fase de concurso.

Aqueles méritos alegados e non xustificados documentalmente en prazo non serán tidos en conta.

## **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O sistema selectivo elixido será o sistema de **concurso-oposición**.

### **FASE DE CONCURSO**

Avaliaranse os méritos alegados polas persoas aspirantes de conformidade cos baremos que se especifican a continuación:

#### **Experiencia profesional:**

- Servizos efectivos prestados en postos de traballo relacionados coa ocupación do curso: 0,10 puntos/mes traballado.
- Servizos efectivos prestados desenvolvendo labores de docente da mesma especialidade ou similar:

-Por cada hora de formación para o emprego impartida da mesma especialidade: 0,001 puntos.

-Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,0005 puntos.

A experiencia mínima esixida non é avaliable.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.**

#### **Cursos realizados:**

Pola asistencia a cursos de formación ou seminarios relacionados co posto de traballo ao que se opta, impartidos por administracións públicas debidamente acreditados

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.**

#### **Coñecemento de galego**

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5:1 punto.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.**



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## **TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.**

### **FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistirá nunha proba escrita de cinco preguntas cortas relacionadas co seguinte temario, acordadas e fixadas previamente polo tribunal do temario que figura de seguido.

Cada pregunta terá unha valoración de 2 puntos.

#### **TEMARIO**

- Sistema posicional de numeración decimal: unidades, decenas e centenas.
- Números naturais. Divisibilidade de números naturais.
- Números enteiros.
- Fraccións e decimais en entornos cotidianos.
- Porcentaxes. Utilización de calculadoras.
- Utilización de medidas para a resolución de problemas con unidades monetarias e sistema métrico decimal.
- Elementos básicos da xeometría do plano: Líneas, segmentos, ángulos, medidas e operacións con ángulos
- Coordenadas cartesianas.
- Polígonos: Propiedades e relacións. Cálculo de perímetros e áreas.
- Circunferencia e círculo. Significado do número pi. Relación entre o diámetro e a lonxitude da circunferencia. Cálculo da lonxitude da circunferencia e da área do círculo.
- Corpos xeométricos: prismas e pirámides.
- Cálculo de lonxitudes, superficies e volúmenes.
- Emprego de ferramentas informáticas para construír e simular relacións entre elementos xeométricos.
- Aplicación da álgebra na resolución de problemas.
- Aplicación de análise de datos, a estatística e a probabilidade na resolución de problemas.

**A puntuación do exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar a fase de oposición. O tempo de realización do exame será de 1 hora. Unha vez rematado o exercicio escrito, o tribunal poderá facer preguntas de exposición e aclaratorias sobre o examen escrito.**

### **A puntuación máxima que se pode acadar na fase de oposición é de 10 puntos.**

A puntuación final estará formada pola suma da puntuación acadada na fase de concurso e na fase de oposición, valorándose da seguinte maneira:

- Fase de concurso: 40% da puntuación final.
- Fase de oposición: 60% da puntuación final.

## **7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

De conformidade co artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público, o Tribunal estará composto por un número impar de membros.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranse á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria (que neste caso se corresponde coa categoría primeira).

## **8.-PUNTUACIÓN FINAL**

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a mellor puntuación na fase de concurso-oposición en función dos requisitos por unidades de competencia que reúna o candidato/a.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

O/a aspirante seleccionado/a previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberá xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **9.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación do/a aspirante que obteña a mellor puntuación. O contrato formalizarase por escrito co/a aspirante seleccionado/a. Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

## **10.- RECURSOS**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

**1.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se mantéña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

**2.- lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**3.-destinatarios de cesións:** os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

**4.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Santa Comba, 30 de decembro de 2019

O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García"

## **"BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE PERSOAL EXPERTO DOCENTE (FORMADOR) PARA A IMPARTICIÓN DA ESPECIALIDADE COMPETENCIA COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ N2 ).**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións para a selección de persoal experto docente para a impartición do curso de formación especialidade "Comunicación en lingua castelá N2" que se realizará en Santa Comba en colaboración coa Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, dentro da programación anual de Formación e de acordo coa seguinte normativa:

- Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As funcións a realizar será impartir o seguinte plan formativo coa finalidade de lograr o nivel de competencias clave no ámbito da lingua castelá para o acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2, o que permitirá comprender adecuadamente o contido fundamental de textos escritos sinxelos e producións orais, participar en interaccións orais respectando as normas de convivencia e construír textos sinxelos relacionados coa vida profesional e cidadá, con coherencia e cohesión textuais, e corrección gramatical.

### **2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

Contrato laboral de duración determinada por obra ou servizo determinado a tempo parcial e a duración do contrato determinarase en función da execución das horas totais do curso, sen ter en conta a impartición dos módulos transversais de formación para a igualdade de Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero que se seleccionarán aparte de se-lo caso.

O salario bruto de todas as retribucións deste curso para todo o personal docente é de 3.430,68 euros.

### **3.- PUBLICIDADE**

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica, na páxina web municipal, mediante edicto e nun dos diarios de maior difusión.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte eun anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poser a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de jubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial,

para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

e.- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f.- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes. Deberá aportar declaración xurada na que se declare que está APTO para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo.

### Requisitos mínimos

Os requisitos mínimos que deben reunir os formadores é o seguinte:

Título oficial de Grado, Licenciatura ou diplomatura no ámbito lingüístico.

Para acreditar a competencia docente, o formador deberá acreditar unha experiencia profesional como docente de alomenos 600 horas, nos últimos 10 anos, ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.

Estarán exentos de acreditar a competencia docente, quenes posúan algún dos requisitos contemplados no artigo 13.1 apartados a) e b) do RD 34/2008 de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, é dicir, estarán exentos:

a) Quen esté en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en pedagogía, psicopedagogía ou de maestro en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da psicología ou da pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrado nos citados ámbitos.

b) Quenes posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do certificado de aptitude pedagóxica ou dos títulos profesionais de especialización didáctica ou o certificado de cualificación pedagóxica. Así mesmo estarán exentos quenes acrediten a posesión do máster universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obligatoria e bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e quenes acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poidan realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real decreto 1834/2008, de 8 de novembro polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obligatoria, no bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réximen especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

## 5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8 a 15 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716. De se-lo caso non se remitira copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias, non se admitirá a documentación para participar na fase de concurso.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

-Fotocopia do D.N.I.

-Fotocopia compulsada dos requisitos mínimos.

-Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orxinais ou fotocopias compulsadas, xa que, non se tomarán en consideración nin se avaliarán, aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo conferido para a presentación de instancias.

-Declaración xurada na que se declare que está APTO para a realización das funcións propias do posto de traballo.

-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indicarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas causas da exclusión e concederase un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

*Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora na que se celebrará a fase de concurso.*

*Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente en prazo non serán tidos en conta.*

## **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

*O sistema selectivo elixido será o sistema de **concurso-oposición**.*

## **FASE DE CONCURSO**

*Avaliaranse os méritos alegados polas persoas aspirantes de conformidade cos baremos que se especifican a continuación:*

### **Experiencia profesional:**

- *Servizos efectivos prestados en postos de traballo relacionados coa ocupación do curso: 0,10 puntos/mes traballado.*
- *Servizos efectivos prestados desenvolvendo labores de docente da mesma especialidade ou similar:*

*-Por cada hora de formación para o emprego impartida da mesma especialidade: 0,001 puntos.*

*-Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,0005 puntos.*

*A experiencia mínima esixida non é avaliable.*

***A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.***

### **Cursos realizados:**

*Pola asistencia a cursos de formación ou seminarios relacionados co posto de traballo ao que se opta.*

- *Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso*
- *Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso*

*Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.*

***A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.***

### **Coñecemento de galego**

- *Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.*
- *Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.*
- *Celga 5:1 punto.*

***A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.***

## **TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.**

## **FASE DE OPOSICIÓN:**

*Consistirá nunha proba escrita de cinco preguntas cortas relacionadas co seguinte temario, acordadas e fixadas previamente polo tribunal do temario que figura de seguido.*

*Cada pregunta terá unha valoración de 2 puntos.*

### **TEMARIO**

*Tema 1.- Comunicación e linguaxe.*

*Tema 2.- Principios básicos no uso da lingua galega: Enunciados. Características e modalidades. Diferencia entre oracións e frases.*

*Tema 3.- Tipos de oracións. Oracións compostas.*

*Tema 4.- Sintagmas. Clases de sintagmas.*

*Tema 5.- Suxeito e predicado. Concordancia.*

*Tema 6.- Complementos verbais.*

*Tema 7.- Utilización do vocabulario na expresión oral e escrita.*

*Tema 8.- Uso das regras de ortografía.*



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Tema 9.- Produccións orais: Comunicacións verbais e interacción social. Tipos de producións orais. Desenvolvemento das habilidades lingüísticas para escoitar, falar e conversar.

Tema 10.- Produccións escritas: Comunicación escrita. Producións escritas como fonte de información e aprendizaxe. Tipos de textos escritos. Desenvolvemento de habilidades lingüísticas para a comprensión e composición de textos de diferentes tipos.

Tema 11.- Técnicas de búsqueda, tratamento e presentación da información.

**A puntuación do exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar a fase de oposición. O tempo de realización do exame será de 1 hora. Unha vez rematado o exercicio escrito, o tribunal poderá facer preguntas de tipo práctico sobre o contido do examen escrito ou sobre o expediente curriculur.**

**A puntuación máxima que se pode acadar na fase de oposición é de 10 puntos.**

A puntuación final estará formada pola suma da puntuación acadada na fase de concurso e na fase de oposición, valorándose da seguinte maneira:

-Fase de concurso: 40% da puntuación final.

-Fase de oposición: 60% da puntuación final.

## **7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público, o Tribunal estará composto por un número impar de membros.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteneranse de intervir e comunicaranse á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria (que neste caso se corresponde coa categoría primeira).

## **8.-PUNTUACIÓN FINAL**

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a mellor puntuación na fase de concurso-oposición en función dos requisitos por unidades de competencia que reúna o candidato/a.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

O/a aspirante seleccionado/a previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberá xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **9.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación do/a aspirante que obteña a mellor puntuación. O contrato formalizarase por escrito co/a aspirante seleccionado/a. Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

## **10.- RECURSOS**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

**1.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se mantéña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.  
**2.- lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**3.-destinatarios de cesións:** os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

**4.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.





# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Santa Comba, 30 de decembro de 2019  
O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García"

## **"BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE PERSOAL EXPERTO DOCENTE (FORMADOR) PARA A IMPARTICIÓN DA ESPECIALIDADE COMPETENCIA COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA N2 ).**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións para a selección de persoal experto docente para a impartición do curso de formación especialidade "Comunicación en lingua galega N2" que se realizará en Santa Comba en colaboración coa Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, dentro da programación anual de Formación e de acordo coa seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As funcións a realizar será impartir o seguinte plan formativo coa finalidade de lograr o nivel de competencias clave no ámbito da lingua galega para o acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 2, o que permitirá comprender adecuadamente o contido fundamental de textos escritos sinxelos e producións orais, participar en interaccións orais respectando as normas de convivencia e construír textos sinxelos relacionados coa vida profesional e cidadá, con coherencia e cohesión textuais, e corrección gramatical.

### **2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

Contrato laboral de duración determinada por obra ou servizo determinado a tempo parcial e a duración do contrato determinarase en función da execución das horas totais do curso, sen ter en conta a impartición dos módulos transversais de formación para a igualdade e Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero que se seleccionarán aparte de se-lo caso. O salario bruto de todas as retribucións deste curso para todo o personal docente é de 944,68 euros.

### **3.- PUBLICIDADE**

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica, na páxina web municipal, mediante edicto e nun dos diarios de maior difusión.

### **4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de jubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial,

para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

e.- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f.- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes. Deberá aportar declaración xurada na que se declare que está APTO para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo.

#### Requisitos mínimos

Os requisitos mínimos que deben reunir os formadores é o seguinte:

-Mestre co Certificado de lingua galega (Celga 4) ou equivalente.

-Licenciatura en filoloxía galega ou filoloxía hispánica subsección de galego-portugués.

-Acreditar unha experiencia laboral dun ano na impartición de accións formativas.

-Acreditar estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Deste requisito estarán exentos as persoas que:

- Estean en posesión das titulacións de Licenciatura en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre ou Mestra en todas as súas especialidades.
- Posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Título de Especialización didáctica expedido polo Ministerio de Educación ou equivalente.
- Acrediten unha experiencia docente contrastada de cando menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

## **5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8 a 15 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716. De se-lo caso non se remitira copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias, non se admitirá a documentación para participar na fase de concurso.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia compulsada dos requisitos mínimos.
- Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orxinais ou fotocopias compulsadas, xa que, non se tomarán en consideración nin se avaliarán, aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo conferido para a presentación de instancias.
- Declaración xurada na que se declare que está APTO para a realización das funcións propias do posto de traballo.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indicarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas causas da exclusión e concederase un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos.

Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora na que se celebrará a fase de concurso.

Aqueles méritos alegados e non xustificados documentalmente en prazo non serán tidos en conta.

## **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O sistema selectivo elixido será o sistema de **concurso-oposición**.

### **FASE DE CONCURSO**

Avaliaranse os méritos alegados polas persoas aspirantes de conformidade cos baremos que se especifican a continuación:

#### **Experiencia profesional:**

- Servizos efectivos prestados en postos de traballo relacionados coa ocupación do curso: 0,10 puntos/mes traballado.
- Servizos efectivos prestados desenvolvendo labores de docente da mesma especialidade ou similar:

-Por cada hora de formación para o emprego impartida da mesma especialidade: 0,001 puntos.

-Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,0005 puntos.

A experiencia mínima esixida non é avaliable.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.**

#### **Cursos realizados:**

Pola asistencia a cursos de formación ou seminarios relacionados co posto de traballo ao que se opta.

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.**

## **Coñecemento de galego**

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5:1 punto.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.**

## **TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.**

### **FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistirá nunha proba escrita de cinco preguntas cortas relacionadas co seguinte temario, acordadas e fixadas previamente polo tribunal do temario que figura de seguido.

Cada pregunta terá unha valoración de 2 puntos.

#### **TEMARIO**

Tema 1.- Comunicación e linguaxe.

Tema 2.- Principios básicos no uso da lingua galega: Enunciados. Características e modalidades. Diferencia entre oracións e frases.

Tema 3.- Tipos de oracións. Oracións compostas.

Tema 4.- Sintagmas. Clases de sintagmas.

Tema 5.- Suxeito e predicado. Concordancia.

Tema 6.- Complementos verbais.

Tema 7.- Utilización do vocabulario na expresión oral e escrita.

Tema 8.- Uso das regras de ortografía.

Tema 9.- Producións orais: Comunicacións verbais e interacción social. Tipos de producións orais. Desenvolvemento das habilidades lingüísticas para escoitar, falar e conversar.

Tema 10.- Producións escritas: Comunicación escrita. Producións escritas como fonte de información e aprendizaxe. Tipos de textos escritos. Desenvolvemento de habilidades lingüísticas para a comprensión e composición de textos de diferentes tipos.

Tema 11.- Técnicas de búsqueda, tratamento e presentación da información.

**A puntuación do exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar a fase de oposición. O Tempo de realización do exame será de 1 hora. Unha vez rematado o exercicio escrito, o tribunal poderá facer preguntas de tipo práctico sobre o contido do examen escrito ou sobre o expediente curricular.**

**A puntuación máxima que se pode acadar na fase de oposición é de 10 puntos.**

A puntuación final estará formada pola suma da puntuación acadada na fase de concurso e na fase de oposición, valorándose da seguinte maneira:

-Fase de concurso: 40% da puntuación final.

-Fase de oposición: 60% da puntuación final.

### **7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público, o Tribunal estará composto por un número impar de membros.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteneranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando conorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria (que neste caso se corresponde coa categoría primeira).



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## **8.-PUNTUACIÓN FINAL**

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a mellor puntuación na fase de concurso-oposición en función dos requisitos por unidades de competencia que reúna o candidato/a.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

O/a aspirante seleccionado/a previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberá xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **9.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación do/a aspirante que obteña a mellor puntuación. O contrato formalizarase por escrito co/a aspirante seleccionado/a. Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

## **10.- RECURSOS**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

**1.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se mantéña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

**2.- lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**3.-destinatarios de cesións:** os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

**4.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Santa Comba, 30 de decembro de 2019  
O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García"

**"BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE PERSOAL EXPERTO DOCENTE (FORMADOR) PARA A IMPARTICIÓN DO MÓDULO DE INSERCIÓN LABORAL, SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL E NA IGUALDADE DE XÉNERO PARA OS CURSOS DE FORMACIÓN: "COMPETENCIA MATEMÁTICA NIVEL 2", "COMPETENCIA LINGUA CASTELÁ NIVEL 2", "COMPETENCIA LINGUA GALEGA NIVEL 2".**

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións para a selección de persoal experto docente para a impartición do módulo de inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero para os cursos competencia matemática nivel 2, competencia lingua castelá nivel 2, competencia lingua galega nivel 2, que se realizará en Santa Comba en colaboración coa Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo, dentro da programación anual de Formación e de acordo coa seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

As funcións a realizar será impartir o seguinte plan formativo coa finalidade de acadar un obxectivo xeral nos alumnos de coñecer técnicas e recursos facilitadores da inserción laboral, así como a situación de mercado de traballo na familia profesional na que se integra a acción formativa principal, incidindo na sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## **2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

Contrato laboral de duración determinada por obra ou servizo determinado a tempo parcial e a duración do contrato determinarase en función da execución das horas adicadas ao módulo transversal de formación para a igualdade e Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero dependentes de cada curso.

## **3.- PUBLICIDADE**

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica, na páxina web municipal, mediante edicto e nun dos diarios de maior difusión.

## **4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de jubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial,

para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

e.- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f.- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes. Deberá aportar declaración xurada na que se declare que está APTO para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo.

### Requisitos mínimos

Os requisitos mínimos que deben reunir os formadores é o seguinte:

#### Titulación requirida

Título oficial de Grado, Licenciatura ou diplomatura.

Formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, sensibilización medioambiental e orientación profesional ou no seu defecto capacitación profesional equivalente (deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero).

Será necesario ter formación metodolóxica ou experiencia docente.

Para acreditar a competencia docente, o formador deberá acreditar unha experiencia profesional como docente de alomenos 600 horas, nos últimos 10 anos, ou estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.

Estarán exentos de acreditar a competencia docente, quenes posúan algún dos requisitos contemplados no artigo 13.1 apartados a) e b) do RD 34/2008 de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, é dicir, estarán exentos:

a) Quen esté en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en pedagogía, psicopedagogía ou de maestro en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da psicología ou da pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrado nos citados ámbitos.

b) Quenes posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do certificado de aptitude pedagóxica ou dos títulos profesionais de especialización didáctica ou o certificado de cualificación pedagóxica. Así mesmo estarán exentos quenes acrediten a posesión do máster universitario habilitante para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obligatoria e bacharelato, formación profesional e escolas oficiais de idiomas e quenes acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poidan realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real decreto 1834/2008, de 8 de novembro polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obligatoria, no bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réximen especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

## **5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8 a 15 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716. De se-lo caso non se remitira copia da instancia dentro do prazo de presentación de instancias, non se admitirá a documentación para participar na fase de concurso.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia compulsada dos requisitos mínimos.
- Relación circunstanciada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, unindo á dita relación os documentos xustificativos destes (orxinais ou fotocopias compulsadas, xa que, non se tomarán en consideración nin se avaliarán, aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, dentro do prazo conferido para a presentación de instancias.
- Declaración xurada na que se declare que está APTO para a realización das funcións propias do posto de traballo.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indícarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas casuas da exclusión e concederá un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos.

Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora na que se celebrará a fase de concurso.

Aqueles méritos alegados e non xustificados documentalmente en prazo non serán tidos en conta.

## **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O sistema selectivo elixido será o sistema de **concurso-oposición**.

### **FASE DE CONCURSO**

Avaliaranse os méritos alegados polas persoas aspirantes de conformidade cos baremos que se especifican a continuación:

#### **Experiencia profesional:**

- Servizos efectivos prestados en postos de traballo relacionados coa ocupación do curso: 0,10 puntos/mes traballado.
- Servizos efectivos prestados desenvolvendo labores de docente da mesma especialidade ou similar:

-Por cada hora de formación para o emprego impartida da mesma especialidade: 0,001 puntos.

-Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,0005 puntos.

A experiencia mínima esixida non é avaliable.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.**

#### **Cursos realizados:**

Pola asistencia a cursos de formación ou seminarios relacionados co posto de traballo ao que se opta, impartidos por administracións públicas debidamente acreditados

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.**

#### **Coñecemento de galego**

- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos.
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5:1 punto.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.**

**TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.**



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## **FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistirá nunha proba escrita de cinco preguntas cortas relacionadas co seguinte temario, acordadas e fixadas previamente polo tribunal do temario que figura de seguido.

Cada pregunta terá unha valoración de 2 puntos.

**A puntuación do exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superar a fase de oposición. O tempo de realización do exame será de 1 hora. Unha vez rematado o exercicio escrito, o tribunal poderá facer preguntas de tipo práctico sobre o contido do examen escrito.**

**A puntuación máxima que se pode acadar na fase de oposición é de 10 puntos.**

A puntuación final estará formada pola suma da puntuación acadada na fase de concurso e na fase de oposición, valorándose da seguinte maneira:

-Fase de concurso: 40% da puntuación final.

-Fase de oposición: 60% da puntuación final.

## **7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

De conformidade co artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público, o Tribunal estará composto por un número impar de membros.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteneranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria (que neste caso se corresponde coa categoría primeira).

## **8.-PUNTUACIÓN FINAL**

O/a candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a mellor puntuación na fase de concurso-oposición en función dos requisitos por unidades de competencia que reúna o candidato/a.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

O/a aspirante seleccionado/a previamente a súa contratación, e no prazo de dous días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberá xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **9.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación do/a aspirante que obteña a mellor puntuación. O contrato formalizarase por escrito co/a aspirante seleccionado/a.

Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

## **10.- RECURSOS**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

**1.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se manteña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

**2.- lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**3.-destinatarios de cesións:** os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

**4.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Santa Comba, 30 de decembro de 2019

O ALCALDE,



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Asdo.: David Barbeira García"

## **"BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN/HA AUX. ADMINISTRATIVO/A".**

### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral a tempo parcial de 1 auxiliar administrativo para realizar as tarefas de apoio administrativo á técnico de formación para o desenvolvemento dos cursos subvencionados pola Consellería de Economía, emprego e industria de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na CC.AA de Galicia correspondente ao exercicio 2020 e que son os cursos de "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais", "Competencia matemática N2", "Comunicación en Língua Castelá N2" e de acordo coa seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.
- Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

### **2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN**

Contrato laboral, para a realización dunha obra ou servizo determinado a tempo parcial (artigo 15 do Estatuto dos Traballadores) no período previsto para a realización dos cursos financiados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (Orden do 7 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao exercicio 2019-2021) no exercicio económico 2020 e no período previsto de xaneiro á finalización dos cursos de accións formativas subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Consta existencia de crédito no expediente. A retribución bruta mensual é a establecida para a subvención.

### **3. PUBLICIDADE**

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na páxina web municipal, na sede electrónica, mediante o edicto correspondente e nun dos diarios de maior difusión.

### **4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c.- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de jubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución judicial,

para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

e.- Estar en posesión do graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

g.- Copia cotexada da documentación acreditativa da posesión do Celga 3 ou validación ao mesmo nivel, no caso de que se posúa.

f.- Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

### **5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 8 a 15 horas, ou en calquera das formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de





# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716. Se non se remitira a instancia por fax dentro do prazo de presentación de instancias non será admitida a documentación como presentada.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida

c) declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin atoparse en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.

d) Celga 3 ou equivalente de se-lo caso.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde-presidente, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indicarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas casuas da exclusión e concederase un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicarase a data, lugar e comenzo do primeiro exercizo.

## **6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:**

O sistema elexido será o de concurso-oposición.

### **FASE DE CONCURSO**

Avaliaranse os méritos alegados polas persoas aspirantes de conformidade cos baremos que se especifican a continuación:

#### **Experiencia profesional:**

- Servizos efectivos prestados en postos de traballo relacionados coa ocupación do posto: 0,10 puntos/mes traballado.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 6 puntos.**

#### **Cursos realizados:**

Pola asistencia a cursos de formación ou seminarios relacionados co posto de traballo ao que se opta, impartidos por administracións públicas debidamente acreditados.

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 3 puntos.**

#### **Coñecemento de galego**

- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos.
- Celga 5:1 punto.

**A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 1 punto.**

### **TOTAL FASE DE CONCURSO: 10 PUNTOS.**

**A fase de concurso será previa á fase de oposición.**



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

## **FASE DE OPOSICIÓN:**

Consistirá na realización de dúas probas:

a) Proba do coñecemento da lingua galega: Para o caso de que as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 3) ou validación ao mesmo nivel (curso de iniciación ao galego), deberán superar unha proba de coñecementos da lingua galega (escrita) dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas. Esta proba será cualificada como de apto ou non apto; sendo necesario obter a cualificación de apto para continuar o proceso de selección.

b) Examen tipo test: Contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas con respostas alternativas das que só unha delas será a correcta, que terá relación co temario que figura nas bases xerais. Neste último caso poderán consistir en cuestións teóricas e prácticas. A puntuación do exercicio valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar a puntuación mínima de cinco puntos para superar o exercicio. O tempo de realización deste segundo exercicio será de cuarenta e cinco minutos. Cada pregunta terá un valor de 0,50 puntos. As respostas incorrectas non contarán negativo.

A puntuación final estará formada pola suma da puntuación acadada na fase de concurso e na fase de oposición, valorándose da seguinte maneira:

- Fase de concurso: 40% da puntuación final.
- Fase de oposición: 60% da puntuación final.

## Temario Xeral e específico.

- Tema 1.- A Constitución. Española de 1978: Significado e estrutura. Principios xerais. Reforma da Constitución. O Tribunal Constitucional.
- Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois. O defensor do pobo.
- Tema 3.- A organización do Estado na constitución. A coroa. Sucesión e rexencia. AS atribucións de El Rei. O referendo. AS cortes xerais: composición, atribucións e funcionamento. O poder judicial.
- Tema 4.- A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente. A Administración Local.
- Tema 5.- A organización da Administración Pública no ordeamento español. A Administración do Estado. A organización ministerial. O Presidente do Goberno. O Concello de ministros. As comisións delegadas do Goberno. Os ministros.
- Tema 6.- A Constitución das Comunidades Autónomas. Competencias. Estatuto de Autonomía: procedemento de elaboración. Contido e valor normativo. O sistema institucional das Comunidades Autónomas.
- Tema 7.- O dereito administrativo. Conceptos, fontes. Principios de actuación da Administración Pública. Sometemento da Administración á Lei e o dereito.
- Tema 8.- O acto administrativo. Concepto e clases. Réxime Xurídico. O procedemento administrativo.
- Tema 9.- Fases do procedemento administrativo.
- Tema 10.- O administrado: concepto e clases. Actos xurídicos do administrado. Peticións e solicitudes. Colaboración e participación dos cidadáns na administración.
- Tema 11.- As formas de acción administrativa.
- Tema 12.- A administración local. Concepto. Entidades eu comprende. O Réxime local español. Regulación xurídica.
- Tema 13.- A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias. O Presidente da Deputación Provincial. Os vicepresidentes. O poleno da Deputación. A Comisión de Goberno e as comisións informativas.
- Tema 14.- O municipio.
- Tema 15.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día. Actas, certificados e acordos.
- Tema 16.- Procedemento administrativo local. Rexistro de entrada e saída de correspondencia. Presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.
- Tema 17.- Os bens das entidades locais. O dominio público e bens patrimoniais.
- Tema 18.- Os contratos administrativos locais.
- Tema 19.- Coñecementos da Lei de prevención de Riscos Laborais.
- Tema 20.- A comunicación. Tipos de comunicación. Os servizos de información administrativa.
- Tema 21.- Concepto de documento. Documentos oficiais. Formación de expedientes.
- Tema 22.- O rexistro e as súas funcións. O arquivo: clases. O arquivo de xestión..
- Tema 23.- Concepto de informática. Microinformática. Hardware e software. Sistema operativo.
- Tema 24.- Ofimática. Sistemas lóxicos e físicos. Axenda electrónica. Folla de cálculo. Os gráficos de oficina. O correo electrónico. Os sistemas de tratamento de textos.
- Tema 25.- O término municipal de Santa Comba.
- Tema 26.- Lei 5/1988, de 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas Entidades Locais. Lei 3/83, de 15 de xuño de normalización lingüística .

## **7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL**

De conformidade co artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

Os tribunais, contarán cun presidente (Evaristo Lois Rama-funcionario de carreira do Concello-), 1º vogal (José Manuel Suárez Mancebo-funcionario de carreira do Concello), 2º vogal (Luz María Vieito Díaz-funcionario de carreira do Concello), 3º vogal (M.ª Carmen Castro Reborido- funcionaria de carreira do Concello), Secretaria (A. Beatriz Oveja Villafañe ou persona en quen delegue).

Membros do tribunal suplente, Presidente (Mª Magdalena Ordóñez Villar- funcionaria de carreira do Concello), 1º vogal (José Manuel Suárez Mariño-funcionario de carreira do Concello), 2º vogal (Susana Rial Mosteiro-funcionaria de carreira do Concello), 3º vogal (José Manuel Parajó Mallón-funcionario de carreira do Concello).

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 ou no artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.



# CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria e que neste caso corresponderalle a categoría terceira.

## **8.-PUNTUACIÓN FINAL**

O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a maior puntuación na fase de oposición.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

O/a aspirante seleccionado/a previamente a súa contratación, e no prazo de cinco días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

## **9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación do/da aspirante que obteña a maior puntuación. O contrato formalizarase por escrito co/a aspirante seleccionado/a. Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

## **10.- RECURSOS**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE SANTA COMBA con dirección en C/Pza. Concello, 1 - 15840 Santa Comba (A CORUÑA).

**1.- finalidade do tratamento:** Os datos serán utilizados para o presente proceso selectivo, así como a xestión administrativa derivada do mesmo.

**Prazo de conservación:** os datos facilitados conservaranse mentres se manteña o proceso en curso e durante o tempo que marque a Lei.

**2.- lexitimación:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo Art. 6.1.C do REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016, Art. 5.1 Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Art. 49.D da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**3.- destinatarios de cesións:** os seus datos de carácter persoal non podrán ser cedidos.

**4.- dereitos:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

Santa Comba, 2 de xaneiro de 2020

O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García"

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno desta resolución de alcaldía na próxima sesión que se celebre.

En Santa Comba,

O ALCALDE,

Dou fe, A SECRETARIA XERAL NOMEADA EN  
ACUMULACIÓN POLA DXAL DE DATA 02/08/2019

Asdo.: David Barbeira García

Asdo.: A. Beatriz Oveja Villafañe